



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 02)

Presidenta:

D^a. M^a. del Pilar García Porto
(Presidenta accidental, Decreto 19-01-2022)

Sres. Deputados:

D^a. Mayra García Bermúdez
D. Xosé María Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e un de xaneiro de dous mil vinde e dous**, baixo a Presidencia da Deputada Provincial dona María del Pilar García Porto (decreto de 19-01-2022), por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Talón, e os Deputados D. Pablo Rivera Capón e D. Roberto Fernández Rico.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de xaneiro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS MÉDICOS, AXUDAS TÉCNICAS E CORTINAXE PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE NAVIA DE SUARNA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de artigos médicos, axudas técnicas e cortinaxe para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna, consta no mesmo:

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CXSH6LTZ4ZLR3W74WEMBTLY.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7CXX7NHJMS5FGPAEWF44366I.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CXSL7AFRNROBPSJOEAMI6EU.



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CQECZBMBT7LV6ABOQ6UYGMI.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7CQEC4FQB6R2GI6L7SCZZPMM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CQKJ6KFEJTD7TWB5GCMBQIE.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de artigos médicos, axudas técnicas e cortinaxe para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna 2021/CON_02/000001.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de puntuación que se recollen para a selección da mellor oferta, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con pluralidade de criterios de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 58.181,00 €, ao que se aplicará o IVE (21% e 10% segundo os casos detallados no Anexo III da Memoria Xustificativa) de 10.876,23 €, o que fai un total de 69.057,23 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO DE HERBA NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da prestación de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CQXH7HNOKLHN6WMEREF2AIQ.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7CQCA4EEV6ZFOZYIEB6MPQ44.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CQCBDFEG45KWD2MQD6MKA14.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CQKDCJB7DR2Z2WRG5EQ2AH4.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7CQKDZF772LO7YQMUH6EJWEM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CQKK6ZINSLKG6Y7WGIDRWE4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do da prestación de ensilado de herba na Granxa Provincial Gayoso Castro.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no



expediente, o criterio que se recolle para a selección da mellor oferta prezo e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 30.305,00 euros (IVE engadido, correspondendo a partida do IVE a 2.755,00), con cargo ó orzamento da anualidade 2022. Existindo consignación, na aplicación orzamentaria correspondente 4120.22799. RC: 22022000850”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FUNDENTES PARA O MANTEMENTO DA VIALIDADE INVERNAL NA REDE VIARIA PROVINCIAL DE LUGO 2022-2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13 de xaneiro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Vías e Obras, con CSV IV7F7TKDL4Z65HWKYLWWD5TE54¹.

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Servizo de Vías e Obras, con CSV IV7F7TKDFAJZ5S6KWZQ4K5LPAY.

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7F7TKDME6LTP56YFUJZTGKU.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV IV7FY4BPHBRI5TWTZR5DHYYV6U.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7F2TR4OEP773MTZXXWINBGM4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7F2TRTPEMC7O7M4UPV4FQVLY.

Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7F2XKZJNGMRBGS6QFWINHHOM.

Proposta de Presidencia, con CSV IV7F22R6NVM7XWN42INEAYSXEI.

Acordo da Xunta de Goberno de data 19 de novembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7F2EBS3AOY7OP34NETMAIXAQ.

Acta da Mesa de Contratación do día 15 de decembro de 2021, con CSV IV7FGKY5ZBF43SGSUPUS457GII, que acordou o seguinte:

(...) “a Mesa de contratación acorda admitir a oferta presentada polo licitador, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico A, co seguinte resultado: O Anexo I presentado pola empresa Ibérica de Sales S.A. axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



A continuación procédese á apertura do sobre B, relativo ao criterio de adxudicación avaliable automaticamente mediante fórmulas matemáticas (criterio: menor prezo ofertado), co seguinte resultado: Ibérica de Sales S.A. comprométese a subministrar a tonelada de sal gema polo prezo unitario de 82,00 euros, IVE non incluído.

Conforme o recollido no Cadro Resumo do PCAP, as ofertas que iguallen o tipo de licitación obterán 0 puntos, sendo o tipo de licitación 82,00 €/t Sal gema (IVE non incluído). A Mesa de contratación acorda outorgar ao licitador 0 puntos.

Polo que vai dito, a Mesa de contratación acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	IBERICA DE SALES S.A.	0 puntos

Requirir á empresa Iberica de Sales S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (orçamento de licitación, sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
131.200,00 €	6.560 €

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 13 de xaneiro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente bastanteo do poder do representante da empresa efectuado pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, certificado de alta en IAE, certificado da Recadación Provincial, carta de pago da garantía depositada e consulta na web registradores.org sobre depósito de contas,

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Iberica de Sales S.A. a contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo 2022-2024, 2021/con_02/000079, polo importe de 82,00 €/t Sal gema (IVE non incluído) e importe máximo total de 131.200,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 27.552,00 €, o que fai un total de 158.752,00 € para dous anos de contrato.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Iberica de Sales S.A. a contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo 2022-2024 polo importe de 82,00 €/t Sal gema (IVE non incluído) e importe máximo total de 131.200,00 €, ao



que se aplicará un IVE do 21%, 27.552,00 €, o que fai un total de 158.752,00 €, para dous anos de contrato, coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	D
2022	4530.210	39.688,00	92022/285
2023	4530.210	79.376,00	920229/2
2024	4530.210	39.688,00	920229/2
SUMA		158.752,00	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 39.688,00 €, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2020.

Visto o escrito do Servizo de Contratación e Fomento, no que manifesta que o asunto sinalado no presente epígrafe xa foi aprobado nunha anterior sesión, polo que propón a retirada da Orde do Día deste expediente. A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda retirar o asunto da Orde do Día da presente sesión.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas – Diócese de Lugo” nas anualidades 2020 e 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (Exp.: 2021/PES_03/026497) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Aprobación a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 150.000,00€ a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos



derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2020: 5.000,00€

Ano 2021: 145.000,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 150.000,00€, que se desagrega en 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Diócesis de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, e para a anualidade 2021 por importe de 145.000,00€. O orzamento xeral do 2021, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación o 30 de novembro de 2020, non prevé crédito suficiente para a anualidade 2021, polo que a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de modificar o orzamento xeral do 2021.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

Segundo.- O convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizouse o 16 de decembro de 2020.

Terceiro.- En data 14 de xuño de 2021, dende a Presidencia desta Entidade, resolveuse:

“1º. Aprobar a conta aportada para a xustificación dos gastos enmarcados dentro do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócesis de Lugo”, na anualidade 2020.

2º.- Aboar a cantidade de 5.000,00 € á entidade Diócesis de Lugo, ao acreditarse que a entidade beneficiaria financia o 5% da actuación subvencionada, obriga recollida na cláusula terceira do convenio de referencia”.

Cuarto.- O representante da Diócese de Lugo remitiu, o 28 de decembro de 2021 (2021RPE034214) ao Servizo de Contratación e Fomento escrito no que solicita o seguinte:

“Que, con data 16 de Decembro de 2020 asinouse o Convenio Canalizador da Subvención Directa de Carácter Excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo e a Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas-Diócese de Lugo” nas anualidades 2020 e 2021, (aprobadado por acordo de Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2020).

Que, en dito convenio figuran dúas das obras na anualidade do ano 2021 que non puideron ser realizadas por causas alleas a esta entidade como as de (menciónase a continuación a obra e o motivo polo can non se realizaron):

1.- Obras de reparación da cuberta e fachadas na Igrexa de Santa María da Régoa (Monforte de Lemos): 22.500,00 €, non se puido pechar a igrexa para executar as obras debido a que na cidade de Monforte de Lemos as dúas igrexas que podían estar abertas para a actividade pastoral atopábanse pechadas tamén por obras, estas son a Igrexa de San Vicente do Pino (cerrada aínda na actualidade) e a Igrexa dos Padres Escolapios (aberta a principios de Decembro) por esta razón o párroco da Igrexa de Santa María da Régoa solicitou que non se pechara tamén esta mentres as mencionadas igrexas estaban pechadas por obras.

2.- Obras de reparación e mellora do pavimento no adro da Catedral de Santa María de Lugo (Lugo): 46.500,00 €, non executada porque se obtén a licenza de obra por parte do Concello de Lugo ata o día 16 de Decembro de 2021.

Polo que, solicita,

Admitan este escrito e o seu contido ademais debido ós imprevistos xurdidos prego amplíen o prazo de execución e de xustificación de dito convenio para estas dúas obras ata o día 30 de abril de 2022”.

Polo que o que se pretende é a modificación da cláusula sétima (xustificación e aboamento da subvención e Gastos subvencionables) do citado convenio de referencia, asinado o 16 de decembro de 2020, que quedaría redactada da seguinte forma:



“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación das subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 15 de xuño de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2020, e o día 31 de maio de 2022, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada correspondentes ao ano 2021.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación nesta prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.”

“Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidata, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro dos anos 2020, 2021 e ata o 30 de abril de 2022. Os gastos do ano 2020 poderán executarse ata o 15 de marzo de 2021, e os do ano 2021 dende o 16 de marzo de 2021 ata o 30 de abril de 2022.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro dos períodos correspondentes, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma (...).”

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- Na cláusula Décimo cuarta (vixencia do convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en igrexas-Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2020 na data límite do 31 de decembro de 2021, e a da anualidade 2021 na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

Segunda.- A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:



“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a Addenda ao convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Conclusiones.

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á Dereito, infórmase favorablemente a mesma.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima (xustificación e aboamento da subvención e gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa plurianual de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Diócesis de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de restauración en Igrexas – Diócese de Lugo”, nas anualidades 2020 e 2021, formalizado o 16 de decembro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA) PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO- EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO) NA TEMPADA 2022, PRORROGABLE NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), a consideración de poder adxudicador, podendo, segundo a potestade de autoorganización, executar directamente prestacións propias de contratos a través dos entes que ostenten a condición de medio propio personificado, segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A disposición adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (en adiante, TRAGSA) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa disposición adicional 24ª da LCSP.



As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No punto 4º da citada disposición adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de agricultura e pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

Atendendo ás citadas consideracións legais, con data 12 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou o encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil, embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño, embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2021 (dende a data de aprobación deste acordo ata o 31 de decembro), por importe de 685.894,79 euros, sendo prorrogable este encargo nas anualidades 2022 e 2023.

Visto que no informe do Servizo de Turismo que acompaña a este expediente se pon de manifesto que TRAGSA executou os traballos incluídos no citado encargo de acordo coas directrices marcadas pola Deputación de Lugo na correspondente memoria técnica.

Visto que no expediente de referencia consta a seguinte documentación:

Orzamento da prórroga do encargo a TRAGSA para o funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (embarcadoiro da Deputación de Lugo- Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño- embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2022.

Certificado emitido por TRAGSA relativo á suficiencia e estrutura e medios suficientes para realizar encargo e que o importe das prestacións parciais que o medio propio pode contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para o encargo presente dun 3%.

Certificación de consignación orzamentaria emitida pola Intervención da Deputación de Lugo.

Memoria técnica que rexerá a prórroga do encargo do funcionamento das rutas fluviais a TRAGSA para a anualidade 2022, elaborada polo Servizo de Turismo.

Visto que, de conformidade coa documentación analizada, non se vai producir ningunha variación no obxecto do encargo nin nas tarifas a aplicar por parte de TRAGSA.

Tendo en conta os antecedentes indicados e analizado o expediente, proponho que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a prórroga do encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil, embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño, embarcadoiro de Belesar Pobo) para a tempada 2022 (dende a data de aprobación deste acordo ata o 31 de decembro), por importe de 685.894,79 euros, sendo prorrogable este encargo na anualidade 2023.

2º.- Ordear a execución dos traballos ao medio propio TRAGSA de acordo coas especificacións da memoria que se xunta ao expediente coa presente proposta.

3º.- Prorrogar o nomeamento para a supervisión, control administrativo e seguemento dos traballos encomendados, por parte da Deputación de Lugo, do Coordinador Xefe II das Rutas Fluviais, Ramón Campos Rodríguez.

4º.- Facultar ao Servizo de Turismo, a través da súa Deputada- Delegada, para realizar as modificacións que se consideren necesarias no calendario de funcionamento e para o



establecemento dos horarios de saída das embarcacións, protocolos hixiénico-sanitarios e limitacións de aforos, no seu caso, co fin de adoptar eventuais medidas recomendadas e/ou preceptivas en cada momento para a prevención do contaxio por Covid-19, así como para a mellor organización do servizo segundo as previsións da demanda e en aras dunha mellora continua na calidade deste produto turístico.

5º.- A presente prórroga poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución, tal e como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

6º.- A presente prórroga do encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

7º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución desta prórroga serán resoltas de forma executiva pola Deputación de Lugo.

8º.- A prórroga dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación de Lugo.

9º.- A prórroga do encargo da actividade de funcionamento das rutas fluviais a TRAGSA implicará que, no caso de producírense imprevistos que supoñan a necesidade de suspender temporalmente o encargo, ou de levar a cabo unha reformulación do mesmo que conleve unha redución no orzamento destinado inicialmente ao servizo, a Deputación non terá que indemnizar a TRAGSA”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RÍA RATO (3ª FASE) MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións das hortas xestionadas actualmente polo Servizo de Medio Ambiente da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Con data 22 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou a Convocatoria de concesión de Autorización de uso dos Hortos urbanos do río Rato (3ª FASE), a vista da existencia de parcelas libres.

Por Resolución de Presidencia de data 12 de novembro de 2021, nomeáronse aos funcionarios do Servizo de Medio Ambiente que constitúen a Mesa de seguimento, como órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa de seguimento reuniuse o pasado 10 de decembro de 2021 e, unha vez revisadas as solicitudes presentadas, levantou a correspondente acta, na que acordou:

“1º- Dado que o número de solicitudes (36) non supera ao de Hortos vacantes (41), a Mesa, segundo o establecido no punto 8 do Procedemento de Autorización, determina que non é preciso requirir aos solicitantes a presentación da documentación acreditativa das circunstancias que serán tidas en conta na valoración das solicitudes, nin a propia valoración previa de solicitudes segundo se determina no punto 8.1 do Procedemento.



2º- Propoñer a exclusión do Procedemento, posto que só se pode asignar un Horto por unidade familiar, de acordo co establecido no punto 3 apartado a), a Dona Maria Esther Cabanas Rey.

3º- Requerir, de acordo co establecido no punto 8. Procedemento, aos interesados que a continuación se relacionan, para que nun prazo de 10 días dende a recepción da correspondente notificación, completen ou emenden a documentación presentada:

SOLICITANTE	MOTIVO DO REQUIRIMENTO
ANA MARÍA SÁNCHEZ VILARIÑO	Non acreditar o cumprimento do apartado 6.2.1 (presentar copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa)
AIPING CHEN	Non acredita o cumprimento do apartado 3.d (exento de obrigas coas administracións públicas)
MARÍA ESTHER PACHECO DICKINSON	Non acreditar o cumprimento do apartado 6.2.1 (presentar copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa)
GONZALO ANTONIO JIMÉNEZ DE ALBA	Non acreditar o cumprimento do apartado 3.c (Estar empadroadado en Lugo ou un concello lindeiro)”

Unha vez efectuados os requirimentos, a Mesa de seguimento reuniuse de novo con data 4 de xaneiro de 2022 levantando a correspondente acta, acordando:

“1º- Aceptar a documentación para a emenda da súa solicitude presentada por Dna. Ana María Sánchez Vilariño, Dna. María Esther Pacheco Dickinson e D. Gonzalo Antonio Jiménez de Alba.

2º- Aprobar e publicar a Listaxe Provisional de admitidos que se relaciona a continuación:

LISTAXE DE ADMITIDOS	
NOME	APELIDOS
AHMED	RADOUANE NAMIR
ANA MARIA	SANCHEZ VILARIÑO
ANA MARIA	DOVAL REIJA
BEGOÑA	FERNANDEZ VAZQUEZ
CAROLINA	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ
CESAREO	PORTOMEÑE ALVAREZ
CRISTINA	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ
DANIEL	BEDMAR DEL VALLE
FERNANDO	BARRO LÓPEZ
FERNANDO GABRIEL	SANCHEZ RAUSCH
GONZALO ANTONIO	JIMENEZ DE ALBA

NOME	APELIDOS
GREGORIO	RIVADENEIRA TORRES
IBRAHIMA	GUEYE
JOSE MARIA	SOUTO SILVA
JOSÉ MARÍA	OSORIO MON
LEXURI FELICITAS	CASADO LATABURU
LUIS	DARRIBA TARRAZO
LUIS	MONTERO VEGA
Mª ELISA	PEREZ CARBALLAL
MARÍA DE LAS NIEVES	PRADO GONZÁLEZ
MARÍA ESTHER	PACHECO DICKINSON
MARIA JESUS	DEVESA FERREIRO
MARIA MAR	LÓPEZ NIÑO
MARÍA SOL	ARES PRADO
OLGA	CORSINO GUTIERREZ
OLGA	VENTOSINOS LOPEZ
OSCAR	PEREZ MAZUTIEL
OTILIO	RON LAGARON
PABLO ELOY	GOMEZ RODRIGUEZ
VICTOR	DIAZ FERNANDEZ
YASSINE	CHARARA HOUMAN
YUGSAINES	ARCIA VALLEJO
CONSORCIO CENTRO ASOCIADO A LA UNED EN LUGO	
DIACONIA	

3º- Proponer a exclusión do procedemento de:

INTERESADO	MOTIVO
AIPING CHEN	Non responder ao requirimento de documentación efectuado. Entendese que desiste da solicitude. (Artigo 68 da Lei 39/2015 de Proc. Adm.)

4º- Aprobar e publicar a seguinte Listaxe de Excluídos:

LISTAXE DE EXCLUÍDOS	
NOME	APELIDOS
MARIA ESTHER	CABANAS REY
AIPING	CHEN

5º- Poñer a disposición dos interesados as listaxes, no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, na web da Deputación de Lugo e no Servizo de Medio Ambiente durante 10 días naturais,



durante os cales poderán presentar as alegacións que se consideren, pasando a considerarse Listaxes definitivas, no caso de non recibir alegacións, tal e como indica o punto 8.2 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato (3ª Fase)..”

O día 17 de xaneiro de 2022, logo do período de exposición pública, sen que se recibisen alegacións ás listaxes publicadas; reúnese a Mesa de seguimento para realizar, en acto público, a asignación ao chou de un horto a cada solicitante aceptado no procedemento, levantándose a correspondente acta, na que se acorda:

“Reunidos o día 17 de xaneiro de 2022, as 10:00 horas, no Salón de Actos da Deputación de Lugo situado na praza de San Marcos, nº 8, da cidade de Lugo; a Mesa de seguimento, formada polos funcionarios da Área de Medio Ambiente nomeados por Decreto de Presidencia de data 12 de novembro de 2021 e que se relacionan a continuación:

D. Luis J. Fernández Reija (Xefe do Servizo de Medio Ambiente)

D. Ramón Rozados Sánchez (Xefe Negociado II Tramitación de Subvencións e Coordinación Vixiantes Medioambientais)

D. Diego Corral Rodríguez (Enxeñeiro Técnico Agrícola da Área de Medio Ambiente) e coa asistencia, en calidade de secretaria da Mesa:

Dª. María Esther Álvarez Martínez (Secretaria Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo) co gallo da asignación individualizada de hortos, ao chou, a cada interesado admitido no Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 3ª Fase, manifesta que:

1º- Contando coa asistencia ao acto público de sorteo de Dª. Ana María Sánchez Vilariño e Dª. Carolina Sánchez Rodríguez, na súa condición de interesadas, procedeuse ao sorteo de 34 parcelas, de entre as recollidas no do punto 1. Obxecto do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 3ª Fase, publicado no BOP nº 250, de 30 de outubro de 2021, que se atopan libres.

2º- En base ao establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020 e ao Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 3ª Fase,

publicado no BOP nº 250, de 30 de outubro de 2021 realizase o sorteo público, ao chou, das parcelas, co resultado que a continuación se traslada:

ASIGNACIÓN DE HORTOS		Nº Horto
NOME	APELIDOS	
AHMED	RADOUANE NAMIR	130
ANA MARIA	SANCHEZ VILARIÑO	117
ANA MARIA	DOVAL REIJA	118
BEGOÑA	FERNANDEZ VAZQUEZ	137
CAROLINA	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ	134
CESAREO	PORTOMEÑE ALVAREZ	115
CONSORCIO CENTRO ASOCIADO A LA UNED EN LUGO		127
CRISTINA	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	116
DANIEL	BEDMAR DEL VALLE	128
DIACONIA		133
FERNANDO	BARRO LÓPEZ	111
FERNANDO GABRIEL	SANCHEZ RAUSCH	132
GONZALO ANTONIO	JIMENEZ DE ALBA	121
GREGORIO	RIVADENEIRA TORRES	112
IBRAHIMA	GUEYE	122
JOSE MARIA	SOUTO SILVA	138
JOSÉ MARÍA	OSORIO MON	119
LEXURI FELICITAS	CASADO LATABURU	140
LUIS	DARRIBA TARRAZO	114
LUIS	MONTERO VEGA	131
Mª ELISA	PEREZ CARBALLAL	123
MARÍA DE LAS NIEVES	PRADO GONZÁLEZ	136
MARÍA ESTHER	PACHECO DICKINSON	143
MARIA JESUS	DEVESA FERREIRO	142
MARIA MAR	LÓPEZ NIÑO	135
MARÍA SOL	ARES PRADO	120
OLGA	CORSINO GUTIERREZ	110
OLGA	VENTOSINOS LOPEZ	129
OSCAR	PEREZ MAZUTIEL	141
OTILIO	RON LAGARON	125
PABLO ELOY	GOMEZ RODRIGUEZ	139
VICTOR	DIAZ FERNANDEZ	126
YASSINE	CHARARA HOUMAN	113
YUGSAINES	ARCIA VALLEJO	124



3º- Acordase a publicación, nos mesmos medios que a Listaxe provisional, da anterior listaxe, como Listaxe definitiva e asignación de hortos, e a realización da correspondente proposta de outorgamento ante a Xunta de Goberno da Excma. Deputación de Lugo, indicando individualmente o horto asignado a cada interesado, segundo se establece no punto 8.4 Proposta de outorgamento, do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 3ª Fase.”

Segundo establece o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo no seu apartado XI. Órganos competentes “Punto 32. En materia relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo”.

A vista do anteriormente exposto proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Excluir do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 3ª Fase, publicado no BOP nº 250, de 30 de outubro de 2021 aos solicitantes que se relacionan a continuación, por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos no citado procedemento:

EXCLUÍDOS	
NOME	APELIDOS
MARIA ESTHER	CABANAS REY
AIPING	CHEN

2º.- Aprobar o outorgamento de autorización de uso de cada parcela numerada aos solicitantes resultantes deste Procedemento que se relacionan a continuación, segundo se establece no punto 8 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 3ª Fase.

ASIGNACIÓN DE HORTOS		Nº Horto
NOME	APELIDOS	
AHMED	RADOUANE NAMIR	130
ANA MARIA	SANCHEZ VILARIÑO	117
ANA MARIA	DOVAL REIJA	118
BEGOÑA	FERNANDEZ VAZQUEZ	137
CAROLINA	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ	134
CESAREO	PORTOMEÑE ALVAREZ	115
CONSORCIO CENTRO ASOCIADO A LA UNED EN LUGO		127
CRISTINA	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	116
DANIEL	BEDMAR DEL VALLE	128
DIACONIA		133
FERNANDO	BARRO LÓPEZ	111
FERNANDO GABRIEL	SANCHEZ RAUSCH	132
GONZALO ANTONIO	JIMENEZ DE ALBA	121
GREGORIO	RIVADENEIRA TORRES	112
IBRAHIMA	GUEYE	122
JOSE MARIA	SOUTO SILVA	138
JOSÉ MARÍA	OSORIO MON	119
LEXURI FELICITAS	CASADO LATABURU	140
LUIS	DARRIBA TARRAZO	114
LUIS	MONTERO VEGA	131
Mª ELISA	PEREZ CARBALLAL	123
MARÍA DE LAS NIEVES	PRADO GONZÁLEZ	136
MARÍA ESTHER	PACHECO DICKINSON	143
MARIA JESUS	DEVESA FERREIRO	142
MARIA MAR	LÓPEZ NIÑO	135
MARÍA SOL	ARES PRADO	120
OLGA	CORSINO GUTIERREZ	110
OLGA	VENTOSINOS LOPEZ	129
OSCAR	PEREZ MAZUTIEL	141
OTILIO	RON LAGARON	125
PABLO ELOY	GOMEZ RODRIGUEZ	139
VICTOR	DÍAZ FERNANDEZ	126
YASSINE	CHARARA HOUMAN	113
YUGSAINES	ARCIA VALLEJO	124

3º.- Notificar aos candidatos indicados no punto anterior, o outorgamento de autorización de uso dos hortos e a sinatura do documento administrativo de autorización de uso do dominio público, segundo se dispón no punto 8.4 do Procedemento de Autorización de uso dos Hortos Urbanos do Parque do Río Rato, 2ª Fase.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE REVOGACIÓN, POR RENUNCIA, DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO RÍO RATO, NÚMEROS 31 E 92.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do río Rato e de Paradai.

Con data 13 de novembro de 2020 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos e Hortos urbanos de Paradai (1ª fase).

O día 5 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación dos Hortos urbanos do río Rato ás persoas ou entidades que ata a data eran usuarios dos Hortos do Rato ou de Paradai, na que Dª. Mª Isabel Rico López obtivo a autorización de uso do Horto nº 31.

O día 21 de maio de 2021 Dª. Mª Isabel Rico López presenta escrito de renuncia ante a Deputación de Lugo no que solicita literalmente:

“Renuncia al uso del huerto urbano asignado en el Rato”.

Con data 26 de marzo de 2021 aprobase en sesión ordinaria da Xunta de Goberno o Procedemento de Autorización de uso dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª fase).

O día 11 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno acorda a Autorización de uso e asignación individualizada dos Hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª fase) para novos usuarios, no que D. Iago Piñeiro Somoza obtivo a autorización de uso do Horto nº 92.

Vista a renuncia presentada por D. Iago Piñeiro Somoza que di literalmente:

“habiendo sido admitido en el Procedemento para a autorización de uso dos hortos urbanos de río Rato, apareciendo en el listado de admitidos con el numero 38 (Iago Piñeiro Somoza DNI ***1574**).

Solicita: la renuncia al mismo”.

Tendo en conta que o Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020) establece no seu apartado XVIII os motivos polos cal se pode perder a condición de usuario da horta, entre a que se atopa:

“a) Renuncia ou baixa voluntaria mediante escrito presentado no Rexistro da Excma. Deputación de Lugo, informando previamente aos xestores da actividade.

(...)”

Tendo en conta que se notificou a D. Iago Piñeiro Somoza mediante correo postal, recibido o 09/11/2021, do inicio do procedemento de revogación da Autorización de uso do Horto nº 92, tal como figura no expediente (2021/PES_03/011165), informándoo do inicio do procedemento e de que se lle outorgaba un prazo de 10 días para alegar cantos feitos considerase, finalizando o prazo sen haber recibido alegacións pola súa parte.

Tendo en conta que se notificou a D^a. M^a Isabel Rico López, mediante correo postal, recibido o 10/11/2021, do inicio do procedemento de revogación da Autorización de uso do Horto nº 31, tal como figura no expediente (2021/PES_03/009461), na cal se lle informaba do inicio do procedemento e de que se lle outorgaba un prazo de 10 días para alegar cantos feitos considerase, finalizando o prazo sen haber recibido alegacións pola súa parte.

Vistos os informes emitidos polo Servizo de Medio Ambiente con CSV- IV7CQXLJAHRKLKM63UHQEBHT74 e CSV- IV7CQTYJNUFDYX6YQL65GRBQ6I sobre o cumprimento das condicións para proceder a tramitación da revogación da Autorización de uso.



Por todo o anteriormente exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- A aceptación da renuncia de D^a. M^a Isabel Rico López e de D. Iago Piñeiro Somoza á adxudicación dos Hortos urbanos do río Rato nº 31 e nº 92 respectivamente.

2º.- A revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº31 no río Rato concedida a D^a. M^a Isabel Rico López, e por tanto a perda da súa condición de usuaria dos Hortos urbanos do río Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

3º.- A revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº92 no río Rato concedida a D. Iago Piñeiro Somoza, e por tanto a perda da súa condición de usuario dos Hortos urbanos do río Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “A VANGARDA DAS FORMAS. A OBRA CERÁMICA DE ISAAC DÍAZ PARDO”.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do

establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “A vangarda das formas. A obra cerámica de Isaac Díaz Pardo”; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son coordinadores dona Teresa Pena Moreda e don Fernando Arribas Arias, na cantidade de vinte e seis euros (26,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte e cinco euros (25,00 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA POR IDADE DUN TÉCNICO SUPERIOR INFORMÁTICO E PROGRAMACIÓN DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don Luis García Parada, Funcionario de Carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de Xefe de Sección I Informática Recadación, solicitou a prolongación no servizo activo en data 15 de xullo 2019, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro 2019, prorrogada posteriormente, á vista das necesidades do servizo, e coa conformidade do interesado, por Acordos da Xunta de Goberno de datas 25 de setembro 2020 e 17 de setembro de 2021, prorrogándose no derradeiro acordo ata o 31 de xaneiro de 2022.

Tendo en conta o establecido na normativa vixente:

Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario pode ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.



b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

[...].”.

A Orde de 7 de xaneiro de 2013, pola que se regula o procedemento de autorización da prolongación da permanencia no servizo activo, sinala no seu artigo 6:

“Duración e finalización da prolongación da permanencia no servizo activo.

A prolongación de permanencia no servizo activo concederase por períodos dun ano renovables anualmente á solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data de finalización da prolongación concedida, e como máximo ata que a persoa funcionaria cumpra a idade de setenta anos ou a idade máxima que legalmente se estableza.

Se antes de finalizar a prórroga concedida a persoa interesada non presenta a correspondente solicitude no prazo establecido, declararase de oficio a xubilación forzosa”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a) así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses

[...].”.

Á vista do sinalado e tendo presente que Don Luis García Parada, cumprindo a idade regulamentaria e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo dentro do prazo

expresamente sinalado regulamentariamente, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, Don Luis García Parada, con efectividade do día 31 de xaneiro de 2022, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e cumprimento Decreto nº64/2021, de 26 de abril, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento: Peza de Taxación de Custas 18/2020 0001 e Dilixencia Ordenación de 29 de abril de 2021 na que corrixe erro aritmético no dito Decreto.

Dase conta do decreto nº 64/2021 de 26 de abril de 2021 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo dentro do Procedemento Tasación de Custas 18/2020 0001, seguido a instancia de Excavaciones Goñi, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Aprobar la tasación de costas practicada en este recurso con fecha 22/12/2020 por importe de 63 euros, a cuyo pago ha sido condenada la parte demandada Diputación Provincial de Lugo. En caso de ser abonada a través de este órgano deberá ser ingresada en la cuenta de consignaciones de este juzgado*”.

Así mesmo dase conta da Dilixencia de Ordenación de 29 de abril de 2021 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo dentro do citado procedemento, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Apreciado un error aritmético en el decreto de aprobación de la tasación de costas de fecha 26/04/2021 se acuerda que donde dice se aprueba la tasación de costas por la cuantía de 63 euros, por lo que se deja sin efecto y en su lugar debe decir “se aprueba la tasación de costas por la cuantía de 363 euros”*”.



A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Dilixencia; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 363 euros.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.